


# MEMORIA 2021



Servizo  
de Promoción da Autonomía Persoal para persoas  
coa síndrome de Down  
e  
discapacidade intelectual

Presentación da entidade

Servizo de Promoción da Autonomía Persoal  
para as persoas coa síndrome de Down e  
discapacidade intelectual, SEPAP

2021: segundo ano da Pandemia

Resultados SEPAP 2021

# PRESENTACIÓN DA ENTIDADE


## TEIMA

é unha asociación sen ánimo de lucro declarada de utilidade pública polo Ministerio de Interior Ord. INT/2958/2006 de 12 de setembro de 2006.

O ámbito de actuación da nosa asociación é a comarca de Ferrolterra.

TEIMA agrupa na actualidade a 71 persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual e ás súas familias

A Misión de Teima leva inherente e de forma explícita a priorización do emprego dos recursos da comunidade para acadar a Inclusión real das persoas con discapacidade intelectual.



1994, ano do seu nacemento da man dun grupo de familias

*Mellorar a calidade de vida das persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual, así como a das súas familias, a través da plena inclusión social e có emprego dos recursos comunitarios ordinarios*

## MISIÓN

**Sinal de identidade** nas actuacións que se deseñan desde a asociación e que conforman o Servizo de Promoción da Autonomía Persoal (SEPA), ademais de articular os apoios necesarios para as persoas con discapacidade intelectual e para as súas familias, contémpanse os **entornos naturais** onde se desenvolven, como principal **obxecto de intervención**.


A maior parte das intervencións que se realizan desde Teima para favorecer a Inclusión Social das persoas con DI, se realizan nas *Escolas infantís, nos Centros Educativos, nas Empresas, na rúa, nos transportes inter e intraurbanos*, e en todos aqueles entornos onde sexa necesario xerar oportunidades para incluír dun xeito efectivo ás persoas.



# a nosa casa, TEIMA

[www.teimadownferrol.org](http://www.teimadownferrol.org)

*Se queres chegar rápido vai só, se queres chegar lonxe vai acompañado*



Estamos na rúa  
Álvaro Cunqueiro,  
1 entrechán, no  
barrio de Esteiro



## Teima está inscrita nos seguintes rexistros :

- Censo de entidades xuvenís nº 15 PS 0096.
- Rexistro Provincial de Asociacións nº 3567.
- Rexistro de Entidades prestadoras de servizos da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais nº AS-0760.
- Rexistro municipal do Concello de Ferrol nº 167.
- Rexistro municipal do Concello de Fene nº N/PARR.35.
- Rexistro municipal do Concello de Narón nº 170.
- Rexistro municipal do Concello de Neda nº 23.
- Rexistro de entidades de Acción Voluntaria nº O-150.

## Organización e Recursos

**A Dirección e** Administración da Asociación son exercidas pola Presidenta, a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.

A Xunta directiva é o órgano executivo e xestor da Asociación, por mandato da Asemblea Xeral.

A **Xunta Directiva actual** está integrada por:

*Presidenta*

Patricia Serantes castro

*Vicepresidente*

José M. Martín Rodríguez

*Secretario*

Santiago Rey Mosquera

*Vicesecretaria*

Mercedes Santalla Pita

*Tesoureiro*

Ana M. Rodríguez Méndez

*Vicetesoureiro*

Constantino Regueiro Sánchez

*Vocais*

Manuel Ángel Vidal Merlán  
Fco.Javier Varela Martínez  
Isabel Lamas Alonso,  
Marcos Bustabad

Os membros da Xunta Directiva de TEIMA non reciben prestación algunha polo desenvolvemento das súas responsabilidades, non realizándose por parte de esta ningunha prestación de servizos diferentes ás funcións que lle corresponden como membros do órgano executivo de goberno.

Por outro lado e para levar a cabo o Servizo de Promoción da Autonomía Persoal para as persoas coa síndrome de Down ou discapacidade intelectual que en TEIMA se desenvolve, contamos ó longo do ano 2020 coas seguintes

### **Persoas Profesionais:**

2 psicólogas

1 Psicopedagoga

2 Graduadas en Relacións Laborais:

2 Mestras.

8 Educadores/as Sociais

1 Técnica de Xestión

2 técnicas de Apoio ao Sepap

1 técnica de Integración Social

1 persoa de mantemento e Limpeza

### **Alumnado en prácticas: 3**

Facultade de Ciencias da Educación,  
Universidade de A Coruña e de Santiago de Compostela, Educación social

Ciclo Superior de Técnico superior en Integración Social do CIFP "Ánxel Casal" e "Tomás Barros" de A Coruña

traballamos con  
calidade e en  
compaña



## UTILIDADE PÚBLICA

Teima está declarada de utilidade pública pola orde INT/2958/2006, BOE nº232 do 12 de decembro de 2006

## PERTENZA

Pertencemos e somos socios fundadores de DownGalicia e DownEspaña

## ISO 9001

Sistema de xestión de calidade no Servizo de Promoción da Autonomía Persoal desde o ano 2008




ER-0172/2010

# Servicio de Promoción da Autonomía Persoal

## ORGANIGRAMA

### Xestión e administración



Isabel Fernández

### Atención Temperá



Salu Puerma

### Apoio á Inclusión Educativa



Susana Pérez

### Formación e Emprego



Marta Álvarez

### Vida Adulta



Yovana Fernández

### Área Transversal



Mercedes Alonso

Intervención global e integral deseñando os apoios necesarios para a inclusión da persoa desde o momento do nacemento e contribuíndo, desta forma, a un proxecto normalizado de vida e futuro da persoa coa Síndrome de Down ou discapacidade intelectual.

Todo este conxunto de intervencións realízanse coas persoas con discapacidade intelectual, coas súas familias e coas contornas nas que viven, e conforman o

**Servicio de Promoción da Autonomía Persoal (SEPAP)**

da nosa asociación

## ÁREAS SEPAP

## PROGRAMAS

### ATENCIÓN TEMPERÁ

Intervención temperá  
Coordinación coa contorna

### APOIO Á INCLUSIÓN EDUCATIVA

Apoio Personalizado  
Coordinación con centros  
educativos

### FORMACIÓN E EMPREGO

Formación para o emprego  
Emprego con Apoio


### VIDA ADULTA

Apoio Personalizado na  
vida adulta

### TRANSVERSAL

Atención a Familias e  
Sensibilización á  
comunidade

O Servizo de Promoción da Autonomía Persoal (SEPAP) da nosa entidade comprende cinco grandes áreas de actuación, onde se articulan os distintos programas de intervención dun xeito totalmente individualizado e personalizado en función das necesidades para a súa inclusión das persoas coa sD e DI, das súas familias e das contornas onde se desenvolven



2021

segundo ano de pandemia e graves dificultades có transporte público

Reactiváanse os servizos presenciais na entidade e deuse continuidade nalgúns momentos do ano ao **teletraballo** para a atención aos usuarios e usuarias que non asisten ou teñen que quedar na casa. Mantemos o **plan de continxencias**, de aplicación directa nos servizos e o **plan de limpeza** no que todos e todas seguimos a implicarmos.

Desde setembro do ano 2021, e ademáis dos problemas que vimos tendo desde hai anos, o **transporte público**, convírtese nun dos principais problemas das persoas usuarias, 8 mozos e mozas de Teima acuden a diario ao Programa da UDC *Espazo Compartido*, con graves atrancos polo funcionamento deficiente dos autobuses; as conxeións intercomarcal tamén se ven afectadas e esta situación de precariedade nas comunicacións, lévanos a adherirnos á *Plataforma por un transporte Digno para a Comarca*.

La mente abierta  
la piel dispuesta  
las alas puestas

(P. Pastor)



sepap  
2021

## INFORME DE RESULTADOS

servicio de promoción da autonomía persoal para  
persoas coa síndrome de down e discapacidade  
intelectual

### metodoloxía

Modelo ecolóxico e sistémico de **intervención global e integral**, intervindo na persoa, na familia e na contorna

**Persoalizada:** Identifícanse necesidades na persoa e na familia de cara a súa inclusión social e se proporcionan os apoios precisos

**Accesibilidade:** Intervención na contorna coa identificación de barreiras para a inclusión

71

Persoas con síndrome de Down e discapacidade intelectual usuarias do Servicio

284

Persoas destinatarias (familias)

11

Concellos da comarca onde se executa



# RESULTADOS DE PROGRAMAS E SATISFACCIÓN PARTES INTERESADAS

## ATENCIÓN TEMPERÁ 2021

Coordinación coa contorna

Intervención temperá

*Favorece o desenvolvemento nos bebés con síndrome de Down ou discapacidade intelectual nos seus primeiros anos de vida, ao tempo que apoia e orienta aos pais e nais para fomentar a súa autonomía na contorna familiar.*

Na área de Atención Temperá non houbo nenos nin nenas de 0 a 3 anos, sí de 3 a 6, máis pasan a ser persoas usuarias da área de Apoio á Inclusión Educativa ; a profesional desta área reforzou o traballo da área de Educación, ademáis de colaborar nas equipas de traballo nas redes de DownEspaña.



# RESULTADOS DE PROGRAMAS E SATISFACCIÓN PARTES INTERESADAS

## APOIO Á INCLUSIÓN EDUCATIVA 2021

Coordinación con centros educativos

Apoio personalizado

*Potencia o mellor aproveitamento posible da etapa escolar promovendo e facilitando a inclusión escolar do alumnado coa síndrome de Down ou discapacidade intelectual.*

Nenas e nenos atendidos nos programas: 25 -

Coordinación con centros: 18

Apoio Personalizado: 25

Nenos e nenas incluídos en centros educativos ordinarios: 15


Usuari@s que avanzan na adquisición de competencias: 25

Centros educativos da comarca cós que se fai coordinación: 12

Actuacións de sensibilización no ámbito educativo: 10

Sesiones de apoio e orientación familiar: 185

### Satisfacción



# RESULTADOS DE PROGRAMAS E SATISFACCIÓN PARTES INTERESADAS

## FORMACIÓN E EMPREGO 2021

Formación para o emprego

Emprego con Apoio

*Facilita a inclusión socio-laboral das persoas coa Síndrome de Down ou discapacidade intelectual na empresa ordinaria.*

Persoas atendidas na área de emprego e formación: 39

Persoas que fixeron formación na oferta comunitaria: 4

Persoas con discapacidade intelectual cun contrato de traballo: 13

Empresas colaboradoras: 10

Persoas con discapacidade intelectual que preparan a homologación de competencias clave para o emprego: 6

Persoas que preparan oposicións ao emprego público: 18

Sesiones de apoio e orientación familiar: 161

### Satisfacción



# RESULTADOS DE PROGRAMAS E SATISFACCIÓN PARTES INTERESADAS

VIDA ADULTA 2021

Autonomía

Autoxestión

*Promove a autonomía social, persoal e urbana das persoas adultas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual de cara a acadar as máximas cotas posibles de autoxestión, participación e inclusión social.*

Persoas usuarias dos programas: 30

Actividades nas que se participa na comunidade por diferentes canles (aplicacións da hostalaría, compras por internet, saídas): 110

Persoas con apoio a súa vida independente: 3

Persoas desenvolvendo os seus Plans Persoais: 9


Apoios en xestións administrativas relativas á vida independente: 55

Persoas en seguimento de envellecemento activo: 32

Actos de sensibilización da entidade con participación de persoas con discapacidade intelectual: 18

Sesiones de apoio e orientación familiar: 237

## Satisfacción



# RESULTADOS DE PROGRAMAS E SATISFACCIÓN PARTES INTERESADAS

## ÁREA TRANSVERSAL 2021

Atención a Familias

Sensibilización á comunidade

*Apoiar e orientar ás familias ao longo do ciclo vital da persoa con discapacidade e sensibilizar á comunidade sobre as barreiras sociais para a súa inclusión*

Familias atendidas na entidade: 73

Sesións de Orientación e Atención Familiar Individualizada: 467

Intervencións en situación de crise familiar: 52

Familias novas atendidas na entidade: 7


Familias con soporte compensatorio da brecha dixital: 7

Altas novas : 5

Baixas: 2

Actuacións de sensibilización á comunidade: 63 (ámbitos educativo, universitario, político, sanitario, comunitario e de medios de comunicación e redes sociais)

### Satisfacción



# Outros resultados (e momentos) do ano 2021



Adhesión á Plataforma por un transporte digno para a comarca



Reinicio proxecto Cocina Mercado Municipal, setembro



Etapa do camiño inglés do Xacobeo, setembro



Participación  
Outubro Saudable  
Escola de Deseño  
UDC



Participación Exposición do concello de Ferrol día da Discapacidade, decembro



CON TOD@S E COMO TOD@S

**DOWN**  
ferrol

TEIMA  
Asociación  
Síndrome  
de Down